

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 1 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios Smart Commerce de Galicia 2017 (código de procedemento IN214C).

BDNS (Identif.): 350539.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán optar aos premios os comerciantes retalistas que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade. Cada comerciante solicitará a participación nunha única categoría, para o cal marcará o recadro correspondente da solicitude.

Segundo. *Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión dos premios Smart Commerce como un recoñecemento institucional e social a aqueles comercios que apostan por situar o cliente no centro da súa estratexia, aproveitando todos os recursos á súa disposición co fin de lle achegar a súa oferta.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Contía*

Destínase un total de 9.500 euros da aplicación orzamentaria 09.30.751A.480.0.



Os premios do Comercio de Galicia constarán das seguintes categorías:

a) Premio Smart Commerce Galicia, cunha contía de 3.000 euros, na cal se incluírá o premio correspondente á provincia.

b) Premio Smart Commerce Provincial, cunha contía de 1.500 euros por provincia.

c) Premio E-Commerce, cunha contía de 1.000 euros.

d) Premio Social Commerce, cunha contía de 1.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o da publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, se é festivo, o primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

